



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII legislatura
Número 113
6 de novembro de 2024



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de novembro de 2024, polo que se admite a trámite a Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia [47581](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de novembro de 2024, polo que se admite a trámite a Memoria 2024 (exercicio 2023) da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia [47587](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de novembro de 2024, polo que se admite a trámite a Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de novembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 14045 (12/PPLC-000003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de novembro de 2024, polo que se admite a trámite a Memoria 2024 (exercicio 2023) da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de novembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite

- 13846 (12/MFSG-000001)

Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria 2024 (exercicio 2023) da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa acorda a admisión a trámite, o seu traslado á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e aos portavoces dos grupos parlamentarios, e a súa publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei orgánica de transferencia a Galiza dos servizos meteorolóxicos radicados na Galiza**, para presentar polo Parlamento de Galiza no Congreso dos Deputados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A predición meteorolóxica cumpre unha función relevante para a sociedade galega, tanto no plano individual como colectivo. A información meteorolóxica ten unha importancia decisiva en aspectos como a seguridade das persoas e as emerxencias -ao prever fenómenos con grande capacidade destrutiva-, a incidencia cada vez maior dos grandes incendios, os riscos para a saúde asociados a condicións extremas de calor e frío, e a repercusión presente e futura en sectores con grande peso na economía galega, como o marisqueiro, pesqueiro, agrogandeiro, forestal, turístico, enerxético ou industrial.

Un sistema de predición achegado ao territorio contribúe á redución de riscos de desastres e fornece de medios de alerta temperá en casos de riadas, secas, ondas de calor, ondas de frío, contaminación do ar e outros fenómenos meteorolóxicos extremos. O incremento da nivel e temperatura da auga do mar é outro proceso de cambio que require sistemas de observación actualizados e avanzados nun territorio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como o galego con máis de 1.500 km de costa na que as actividades relacionadas co mar teñen a máxima relevancia económica, ambiental, cultural e social.

As decisións no ámbito da saúde, do ciclo da auga, da produción de alimentos ou das pragas tamén teñen unha relación directa cos cambios no clima e coa predición e observación a curto, medio e longo prazo.

Cómpre tamén ter en conta os avances tecnolóxicos que se produciron nos últimos anos nos sistemas de predición, e a revolución que se está a levar a cabo coa cada vez maior presenza da intelixencia artificial nos modelos de predición meteorolóxica.

2. No ámbito estatal, a Constitución establece no seu artigo 149.1.20 a competencia exclusiva en relación cos servizos meteorolóxicos. Porén, o artigo 150.2 da CE habilita ao Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de Autonomía de Galiza, no artigo 27.32 relativo ás competencias exclusivas, establece que corresponden a Galiza “as restantes materias que, con este carácter e mediante lei orgánica sexan transferidas polo Estado.”

No ámbito galego, existe desde fai 24 anos unha entidade -Meteogalicia- encargado de realizar estudos e predicións meteorolóxicas. A Unidade de Observación e Predición Meteorolóxica (MeteoGalicia) é un organismo dependente da Consellaría de Medio Ambiente creada no ano 2000 froito dun convenio coa Universidade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela e que ten como obxectivos principais a realización dunha predición meteorolóxica de Galicia e a explotación e mantemento da rede de observación meteorolóxica e climatolóxica da Xunta.

Malia os limitados recursos e da redución de persoal a que foi sometido esta entidade, ten acreditada a súa profesionalidade, precisión e fiabilidade. Por este motivo, existe unha demanda real de contarmos con servizo galego de observación, predición e estudo do clima e da meteoroloxía, dotado de plenas competencias e dos recursos necesarios para levar a cabo as súas funcións.

Nese sentido, a Resolución de 29 de setembro de 2016, da Axencia Estatal de Meteoroloxía, pola que se publica o Convenio Marco de Colaboración coa Xunta de Galiza en materia de meteoroloxía e clima (publicado no BOE núm. 249, de 14 de outubro de 2016 e vixente desde o 15 de outubro) non é suficiente para afrontar os retos e necesidades de Galiza en materia de servizos meteorolóxicos.

3. O clima galego rexistra particularidades e especificidades, polo que o feito de contarmos cun organismo específico e propio con plenas competencias redundará de maneira positiva no conxunto da sociedade galega, na prevención das emerxencias, nos sectores produtivos, na saúde e no benestar da poboación. Cómpre, pois evitar duplicidades innecesarias e dotarnos dese instrumento acaído aos nosos intereses, toda vez que actualmente é posíbel, desexábel e necesario o intercambio de información coa Administración de Estado en tempo real e a instalación dos imprescindíbeis sistemas de interoperabilidade á que a Xunta de Galiza deberá, en todo caso,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comprometerse e implantar, para alén da necesaria coordinación cos servizos meteorolóxicos do Norte de Portugal.

Por último, no actual contexto de cambio climático e emerxencia ambiental, é fundamental contar con unha axencia galega especializada en materia de clima e meteoroloxía, que ademais do traballo de predición meteorolóxica realice estudos e prospeccións a medio e longo prazo, e que preste apoio e asesoramento nos plans de mitigación, adaptación e investigación sobre as mudanzas do clima.

Artigo 1. Transferencia dos servizos meteorolóxicos de ámbito estatal situados no territorio de Galiza.

Transfírese á Comunidade Autónoma de Galiza as facultades e servizos de meteoroloxía que dependen do Estado e están situados en Galiza.

Artigo 2. Condicións de execución das competencias que se transfiren.

1. A Xunta de Galiza garantirá a prestación dun servizo público de calidade en materia de meteoroloxía que satisfaga as necesidades de información da sociedade galega no ámbito da meteoroloxía e a evolución do clima.

2. O exercicio, por parte da Xunta de Galiza, das funcións descritas no artigo 1 debe axustarse aos principios de eficacia, colaboración, intercambio e interoperabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A Administración do Estado e a Xunta de Galiza deben facilitarse reciprocamente o acceso e a xestión da información, coa finalidade de posibilitar unha información sólida de todas as variantes meteorolóxicas necesarias para poder facilitar un prognóstico de calidade.

Artigo 3. Traspaso de servizos.

O exercicio das competencias transferidas debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galiza no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios persoais, materiais e orzamentarios necesarios, instrumentada mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.

Disposición Adicional.

O disposto no artigo 3 deberá concretarse no prazo de seis meses.

Disposición final.

A presente Lei Orgánica entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES NORMATIVOS

- Constitución Española. Artigo 149.1.20 e 150.2.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galiza. Artigo 27.32 e concordantes.
- Resolución de 29 de setembro de 2016, da Axencia Estatal de Meteoroloxía, pola que se publica o Convenio Marco de Colaboración coa Xunta de Galiza en materia de meteoroloxía e clima (publicado no BOE núm. 249, de 14 de outubro de 2016 e vixente desde o 15 de outubro).

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



Ana Pontón Mondelo na data 04/11/2024 12:18:27





FISCALÍA DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA (A Coruña)

O FISCAL SUPERIOR



OFICIO

Lugar e data; A Coruña, día 29 de outubro de 2024.

Nº/Rfa.: EG 1/2024 (cítese ao contestar)

Asunto: Remisión da Memoria 2024 (exercicio 2023) da Fiscalía da CA de Galicia

Por medio do presente, compráceme achegarlle, en formato papel e dixital (USB), a Memoria 2024 (exercicio 2023) desta Fiscalía da CA de Galicia, elaborada consonte ao disposto no artigo 11.2 do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal (aprobado por Lei 50/1981, de 30 de decembro).

Coa miña distinguida consideración, envíolle un cordial saúdo

O Fiscal Superior de Galicia
Fernando Suanzes Pérez



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 65.- 15702. Santiago de Compostela

E-correo: fiscalia.tsxg@xustiza.gal
Teléfono: 981.18.21.49/50

Enderezo: Pazo de Xustiza
Praza de Galicia, s/n
15004 A Coruña





Fiscalía
Superior

Comunidade
Autónoma
de Galicia

Memoria 2023



CSV: BOPGDSPG-IL3eZCe4-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Fiscalía
Superior**

Comunidade
Autónoma
de Galicia

Memoria 2023



CSV: BOPGDSPG-IL3eZCe4-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ÍNDICE XERAL

CAPÍTULO I. INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS	12
SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR (OFICINA FISCAL)	15
SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS ..	17
SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA EN GALICIA	19
SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS	33
SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA	33
SECCIÓN 6. INSTRUCIÓNS XERAIS E CONSULTAS	36
SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA	37
CAPÍTULO II. ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS	44
SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS	47
SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL	47
SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA	47
SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS	48
SECCIÓN 1.1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS	48
SECCIÓN 1.1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	55
SECCIÓN 1.1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS EN GALICIA	61



SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)	102
SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)	102
§ 1. RESUMO DOS DELITOS	102
§ 2. EXAME DOS DELITOS INCOADOS	103
§ 3. EXAME DOS DELITOS CUALIFICADOS	105
§ 4. EXAME DOS DELITOS SENTENCIADOS	106
 SECCIÓN 1.1.2.2. EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS	 108
 SECCIÓN 1.2. ÁREA CIVIL	 113
SECCIÓN 1.2.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA	 113
 SECCIÓN 1.2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA	 115
 SECCIÓN 1.3. ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA	 117
SECCIÓN 1.3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA ...	 117
 SECCIÓN 1.3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	 119
 SECCIÓN 1.4. ÁREA SOCIAL	 121
SECCIÓN 1.4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA	 121
 SECCIÓN 1.4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA	 123
 SECCIÓN 2. ÁREAS ESPECIALIZADAS	 124
SECCIÓN 2.1. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER (VIOLENCIA DE XÉNERO). VIOLENCIA DOMÉSTICA	 124
SECCIÓN 2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO (VIOLENCIA SOBRE A MULLER)	 129
 SECCIÓN 2.2. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO	 136



SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	142
SECCIÓN 2.4. ÁREA ESPECIALIZADA DE TRATA DE PERSOAS E ESTRANXEIRÍA	157
SECCIÓN 2.5. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA	164
SECCIÓN 2.6. ÁREA ESPECIALIZADA DE MENORES	173
SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA DE COOPERACIÓN PENAL INTERNACIONAL	186
SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE CRIMINALIDADE INFORMÁTICA	189
SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MAIORES	202
SECCIÓN 2.10. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS DE ODIO E DISCRIMINACIÓN	207
SECCIÓN 2.11. ÁREA ESPECIALIZADA DE DEREITOS HUMANOS E MEMORIA DEMOCRÁTICA	212
SECCIÓN 2.12. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL	215
SECCIÓN 2.13. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	218
SECCIÓN 2.14. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS ECONÓMICOS	221
CAPÍTULO III: TEMA ESPECÍFICO DE OBRIGADO TRATAMENTO: MENORES E REDES SOCIAIS	226
CAPÍTULO IV: PROPOSTAS DE REFORMAS LEXISLATIVAS	234





PRESENTACIÓN

A presentación cada ano da Memoria anual da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia e, con iso, ter a oportunidade de amosar a inxente actividade realizada polos distintos órganos que integran o Ministerio Público galego é para min unha honra e un privilexio. A publicación da Memoria do Ministerio Fiscal, ademais de responder á esixencia legal do artigo 11.2 do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, permíteme trasladar con especial satisfacción o resultado do esforzo colectivo desenvolvido no ano 2023 polos membros da carreira fiscal.

Un ano no que os 151 fiscais que conforman o persoal da Fiscalía de Galicia volveron a ser garantes da legalidade, a imparcialidade, a defensa dos dereitos dos cidadáns e a custodia do interese público. Unha encomenda que se plasma nesta memoria como resultado do esforzo colectivo desenvolvido ao longo de 2023 pola carreira fiscal. Fiscalas e fiscais, non só valiosos no individual, na cadansúa preparación e profesionalidade, senón sobre todo no colectivo, na capacidade de desenvolver unha vontade única en resposta á interpretación da lei e do interese social. Deles, 100 son mulleres, un 66% do total, moitas delas en postos de responsabilidade, o que pon de manifesto que a Fiscalía segue avanzando con paso firme cara á igualdade que, no noso caso, ábrese paso de forma natural.

No apartado dos retos, a necesaria transformación do modelo procesal de forma que se atribúa á Fiscalía a dirección da investigación criminal, superando un modelo obsoleto proveniente do século XIX, para adaptalo á complexa criminalidade do século XXI volve ser a punta de lanza dentro das necesidades prioritarias no futuro da institución. Un ano máis reclamamos a modificación da Lei de Axuízamento Criminal e autonomía orzamentaria do Ministerio Fiscal. Doutra banda, a modernización da xustiza a través das novas tecnoloxías está no foco dende hai anos como obxectivo irrenunciable, sendo imprescindible para adaptar o noso traballo ao contexto e ás necesidades sociais ás que hai que dar resposta. Xunto a ela, e intimamente relacionada, está a Comunicación, que durante o exercicio 2023, pola súa importancia para a Institución e para a sociedade, elevou o seu grao de esixencia. Considero de vital importancia proporcionar información sobre a carreira fiscal, debido ao persistente descoñecemento do que é, de como funciona e do que representa e, asemade, é necesario trasladar que o Ministerio Fiscal, na medida que é un órgano de relevancia constitucional que ten atribuídas funcións de gran impacto social, está obrigado a informar de asuntos de interese para garantir o dereito constitucional da cidadanía a recibir información veraz.

Mostramos aquí pormenorizadamente a actividade institucional da Fiscalía de Galicia e as funcións realizadas por cada especialidade durante o ano memorial. Somos, e así o creo, un potente instrumento de transformación sen outra pretensión que a da aplicación estrita da lei, a defensa da legalidade e a de quen se ven afectados pola transgresión da norma, sexa cal fora a súa condición, orixe ou ideoloxía. É necesario que a sociedade perciba que o Estado de Dereito funciona, que os dereitos e deberes fundamentais están sólidamente consolidados.

O Fiscal Superior de Galicia
Fernando Suanzes Pérez





CSV: BOPGDSPG-IL3eZCei4-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPG-IL3eZCa4-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

CSV: BOPGDSPC-IL3eZC94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CAPÍTULO I

INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS





CSV: BOPGDSPG-IL3eZCei4-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR (OFICINA FISCAL)

§ 1. CADRO DE FISCAIS

A data 1 de xaneiro de 2023, o cadro de persoal desta Fiscalía autonómica estaba integrado (e seguía estando ao 31 de decembro do mesmo ano) por un total de catro fiscais. Concretamente: un fiscal xefe denominado fiscal superior da Comunidade Autónoma (CA) de Galicia, con categoría equiparada á de presidente do Tribunal Superior de Xustiza – en diante, TSX- (Excmo. Sr. Fernando Suanzes Pérez); un tenente fiscal (Ilmo. Sr. José-Ramón Piñol Rodríguez); e dous fiscais máis da categoría segunda (Ilmos. Sres. Carlos Mariscal de Gante Castillo e Carlos Varela García).

Este cadro de persoal foi confirmado, sen cambio algún, polo Real decreto (RD) 311/2023, do 25 de abril, de maio, polo que se modifica e amplía o cadro de persoal do Ministerio Fiscal (MF) para adecualo ás necesidades existentes (publicado no Boletín Oficial do Estado -BOE- 99/2023, do 26 de abril). E confirmase novamente no posterior RD 46/2024, do 16 de xaneiro (BOE 15/2024, do 17 de xaneiro).

§ 2. PERSOAL COLABORADOR E UNIDADE DE APOIO DA FISCALÍA AUTONÓMICA (OFICINA FISCAL)

A Oficina Fiscal (OF) de Galicia quedou efectivamente implantada no ano 2016. As memorias anuais das fiscalías provinciais fan referencia ao seu persoal colaborador.

■ *Persoal colaborador da Oficina Fiscal da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia*
O cadro deste persoal estaba integrado a data 1 de xaneiro de 2023 (e seguía estando ao 31 de decembro de igual ano), por cinco persoas do funcionariado xudicial, todas elas coa condición de titulares: 1) unha funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa, que exerce o posto singularizado de coordinación da OF (Pilar Rubido Pérez); 2) tres persoas funcionarias do corpo de tramitación procesual e administrativa (Eva Sánchez Fandiño e Beatriz Calvo Vidal, así como Emilio Castro Bolaño, que ocupa o posto singularizado de funcionario responsable de rexistro, estatística e calidade (en diante, REC) da Fiscalía; e 3) unha funcionaria do corpo de auxilio xudicial (D^a Isabel Carracedo Cousiño).

■ *Unidade de Apoio ao Fiscal superior de Galicia*
Ademais da funcionaria coordinadora e o funcionario REC, esta unidade está integrada por outros dous postos singularizados: unha secretaria persoal do fiscal superior de Galicia (M^a-José Moura Gutiérrez) e unha xefa de Gabinete e Prensa (Elena López Fernández).



Ademais, presta servizo ao fiscal superior un chofer persoal oficial do parque móbil da Xunta de Galicia (Ramiro Mosquera Miras).

§ 3. FUNCIONARIADO COLABORADOR NAS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA

A última modificación da relación de postos de traballo (RPT) foi aprobada por Resolución 07/11/2022 da Dirección Xeral de Xustiza (DXX) da Xunta de Galicia (publicada no Diario Oficial de Galicia -DOG- nº 219/2022, do 17 de novembro). Conforme a ela, *as oficinas fiscais das fiscalías territoriais de Galicia contan cun total de 143 integrantes do funcionariado colaborador da Administración de Xustiza.*

■ *Distribución por tipos de postos*

- Coordinador/a de OF (corpo de xestión procesual): 8 en total (1 na Fiscalía autonómica e 1 en cada unha das catro fiscalías provinciais e das tres de área).
- Funcionario/a REC- (corpo de xestión e tramitación procesual): 5 en total (1 na Fiscalía autonómica e 1 en cada unha das catro fiscalías provinciais).
- Corpo de xestión procesual e administrativa - CXPA- (á parte do posto singularizado de coordinación): 7 en total (2 na Fiscalía Provincial da Coruña, 1 na de Lugo, 2 na de Pontevedra, e 2 na Fiscalía de Área de Vigo).
- Corpo de tramitación procesual e administrativa (CTPA): 104 en total (2 na Fiscalía autonómica, 61 nas catro fiscalías provinciais, 33 nas tres fiscalías de área e 8 nas catro seccións territoriais).
- Corpo de auxilio xudicial (CAX): 19 en total (1 na Fiscalía autonómica, 12 nas fiscalías provinciais e 6 nas tres de área).

■ *Outro persoal colaborador*

Á parte da mencionada cifra de funcionariado (143), existe un total de cinco persoas que desempeñan, por concurso e libre designación, funcións de secretaría persoal do fiscal superior e de cada un dos catro fiscais xefes provinciais. Tamén, como persoal laboral e de libre designación, segundo o exposto, hai unha *xefa de Gabinete e Prensa* na Fiscalía autonómica.



SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS

§ 1. REFERENCIA A FISCALÍAS TERRITORIAIS

■ *Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia*

□ *Substitución dun fiscal por situación de licenza por enfermidade*

Segundo consta no noso Expediente Gobernativo (EG) nº 62/2023, durante un período de algo máis dun mes (entre o 22 de xuño e o 27 de xullo de 2023) estivo en situación de baixa, por incapacidade laboral transitoria, o Ilmo. Sr. fiscal Carlos Mariscal de Gante Castillo (que reincorporouse tras a súa anterior baixa o día 27/01/2023). A súa baixa foi cuberta por outros dous fiscais desta mesma Fiscalía autonómica, mediante o mecanismo de substitución profesional ou interna (conforme o mencionado RD 147/2022).

■ *Fiscalía Provincial da Coruña*

A través do noso EG 46/2022, tramitouse a dobre solicitude da xefatura provincial, en materia de violencia sobre a muller (VSM) para a aprobación dun fiscal de reforzo (externo) para atender o Xulgado de Violencia sobre a Muller (XVSM) da Coruña, e outro fiscal de reforzo (interno ou profesional) para o Xulgado do Penal 6 da mesma cidade. Co preceptivo e favorable informe do fiscal superior, o dobre reforzo foi aprobado (e logo prorrogado) pola Unidade de Apoio da Fiscalía Xeral do Estado (FXE). Como medida complementaria do dobre reforzo de fiscais, o fiscal superior solicitou á Xunta de Galicia a correlativa prolongación de xornada de dúas funcionarias.

■ *Fiscalía Provincial de Ourense*

Segundo consta no noso EG 22/2022, previo informe favorable do fiscal superior, o 30/12/2022 a Unidade de Apoio da FXE aprobou a solicitude de prórroga de 180 días, con efectos de 01/01/2023, dunha praza de fiscal de reforzo (a desempeñar por dous fiscais titulares mediante substitución interna ou profesional). Seguindo o mesmo procedemento, a Unidade de Apoio da FXE aprobou, con efectos de 01/07/2023 unha nova prórroga da praza de fiscal de reforzo, por outros 180 días (mediante dous fiscais substitutos internos). En ambos os casos, como medida complementaria dese reforzo, o fiscal superior solicitou á Xunta de Galicia un reforzo funcional. Finalmente, seguindo o mesmo procedemento, a Unidade de Apoio da FXE decretou a aprobación dunha nova prórroga da mesma praza de fiscal de reforzo, por outro período de 180 días, e con efectos de 01/01/2024; que foi seguida de nova solicitude do fiscal superior á Xunta de Galicia para a probación do correlativo reforzo funcional.

■ *Fiscalía Provincial de Pontevedra*



□ *Nomeamento e posesión de novo fiscal xefe provincial*

Por RD 467/2023, do 13 de xuño (BOE 141, do 14 de xuño), o Ilmo. Sr. Pablo Varela Castejón foi nomeado novo fiscal xefe da Fiscalía Provincial (FP) de Pontevedra (en substitución do Ilmo. Sr. Juan-Carlos Aladro Fernández). Tomou posesión o día 4 de xullo de 2023.

■ *Fiscalía de Área de Vigo*

Mediante o noso EG 92/2023, tramitouse a solicitude da xefatura de área para a aprobación dun fiscal de reforzo (externo). Previo informe favorable do fiscal superior, a Unidade de Apoio da FXE aprobou o reforzo solicitado, con efectos de 24/11/2023. Como medida complementaria, o fiscal superior solicitou á Xunta de Galicia un reforzo funcionarial.

§ 2. SUBSTITUCIÓNS E MEDIDAS DE REFORZO OU APOIO

■ *Plan anual 2024 de substitucións profesionais e de medidas de reforzo ou apoio*

En cumprimento da normativa vixente (art. 13 RD 147/2022) e das instrucións recibidas da Inspección Fiscal, mediante oficio data 07/11/2023 esta Fiscalía autonómica (EG 74/2023) remitiu ao devandito órgano central da FXE as listaxes de fiscais candidatos enviados polas fiscalías territoriais para substitucións profesionais e medidas de apoio ou reforzo (plan anual 2024).

■ *Avogados/as fiscais/as substitutos/as*


Mediante Orde JUS/681/2022, do 14 de xullo (BOE nº 174, de 21 de xullo), nomeáronse avogados fiscais substitutos para o ano xudicial 2022-2023; desas persoas, 13 para Galicia (3 menos que o anterior ano xudicial 2021-2022). Por Orde JUS/681/2023, do 21 de xuño, prorrogáronse os anteriores nomeamentos para o ano 2023-2024 (BOE 151/2023 do 26 de xuño). Esta cifra de 13 fiscais substitutos equivale a un 8,61% da cifra total de fiscais de persoal (151).



**SECCIÓN 3.
ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA EN GALICIA**

**SECCIÓN 3.1.
ORGANIZACIÓN TERRITORIAL E POR ESPECIALIDADES**

§ 1. ORGANIGRAMA DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL



§ 2. ESPECIAL REFERENCIA A FISCALÍAS TERRITORIAIS

■ Supresión das Seccións Territoriais de Cambados e de Verín

O xa mencionado RD 311/2023, do 25 de abril, levou a efecto a supresión destas dúas seccións territoriais, con integración das prazas de fiscais e avogados fiscais, coa mesma categoría, nas respectivas Fiscalías Provinciais de Pontevedra e Ourense (art. 1.1). Desta forma, finalizouse un proceso que comezara varios anos atrás (EG 4/2021 e 14/2021), e do que veu dándose conta nas memorias anuais desta Fiscalía autonómica. O funcionariado de ambas as seccións territoriais pasa a estar integrado, tamén, na sede principal, o que plasmará proximamente a Xunta de Galicia na modificación da RPT das fiscalías territoriais de Galicia.



§ 3. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES

■ *Fiscais especialistas a nivel autonómico*

O organigrama que segue está integrado polos/as fiscais delegados/as a nivel autonómico que existen actualmente na CA de Galicia.

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN XERAL DE SECCIÓNS OU ÁREAS ESPECIALIZADAS A NIVEL AUTONÓMICO		
FISCAL SUPERIOR DE GALICIA: Excmo. Sr. Fernando Suanzes Pérez		
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO FISCAL DELEGADA AUTONÓMICA: Ilma. Sr ^a . Carmen Eiró Bouza (adscrita a FP Ourense)	ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO: Ilma. Sr ^a Paula Grau López (fiscal adscrita a FP Pontevedra)	ÁREA DE MENORES FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO: Ilmo. Sr. José-Manuel Ucha López (adscrito a FP Ourense)
ÁREA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO: Ilmo. Sr. Luis Anguixa Xoga (adscrito a FP da Coruña)	ÁREA DE ANTIDROGA (DEPENDENCIA DIRECTA DE FISCALÍA ESPECIAL ANTIDROGA) FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO: Ilmo. Sr. Fernando Mtez. Quiroga (adscrito a FP A Coruña) Vacante desde 20/11/2023 (por renuncia)	ÁREA DE CIVIL E PROTECCIÓN DE PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO: Ilmo. Sr. Santiago Miguel Cruces (adscrito a FP Pontevedra)
ÁREA DE VIOLENCIA DE XÉNERO (VIOLENCIA SOBRE A MULLER) FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO: Ilmo. Sr. Fernando Mtez. Quiroga (adscrito a FP A Coruña) (Nomeamento 20/11/2023)	ÁREA DE PROTECCIÓN DE DATOS FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO: Ilmo. Sr. D. Juan Aguirre Seoane (adscrito a FP A Coruña)	ÁREA TECNOLÓXICA: SISTEMA DE INFORMACIÓN DO MINISTERIO FISCAL (REDE SIMF) FISCAL RESPONSABLE AUTONÓMICO: Ilmo. Sr. Carlos Varela (adscrito a Fiscalía Superior CA Galicia)

■ *Fiscais especialistas a nivel provincial*

A este nivel existe outra rede de *fiscais delegados/as ou encargados/as e de fiscais de enlace nas fiscalías provinciais e de área*, no ámbito das distintas áreas especializadas (tratadas na sección 2ª do capítulo II desta memoria).



■ Nomeamentos de fiscais/as delegados/as autonómicos/as

En canto aos nomeamentos no período 2008-2022, remitímonos ao xa exposto nas memorias de anos anteriores.

- *Nomeamento en 2023 de novo fiscal delegado autonómico para Galicia en materia de violencia sobre a muller (VSM)*

Cumprida a tramitación preceptiva a través do noso EG 77/2023, o Ilmo. Sr. JOSÉ-FERNANDO MARTÍNEZ QUIROGA, adscrito á Fiscalía Provincial da Coruña - da que era e segue sendo fiscal delegado provincial- foi nomeado novo fiscal delegado autonómico para Galicia en materia de VSM, mediante decreto do 20 de novembro de 2023 do fiscal xeral do Estado (publicado no BOE 290/2023 do 5 de decembro). Con data 14 de decembro de 2023 o fiscal superior de Galicia ditou o correspondente decreto de delegación de funcións.

SECCIÓN 3.2. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTÓNOMICA

Durante o ano 2023 mantívose vixente a distribución de traballo establecida na *Nota de Servizo 8/2020*, emitida con data 15 de xuño de 2020 polo fiscal superior (previa xunta de fiscais desta Fiscalía autonómica do día 9 de xuño de 2020).

A única variación veu dada pola xa indicada baixa laboral do Ilmo. Sr. Carlos Mariscal de Gante Castillo, por incapacidade laboral transitoria (ente o 22 de xuño e o 27 de xullo de 2023). Houbo de realizarse unha redistribución do traballo, de maneira que a “cota” do Sr. Mariscal foi atendida, ao 50%, por outros dous fiscais desta mesma Fiscalía autonómica, a través do mecanismo de substitución profesional ou interna (conforme a RD 147/2022).

SECCIÓN 3.3. XUNTAS DE FISCAIS DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Durante o ano 2023 celebráronse dúas xuntas (ordinarias) de fiscais desta Fiscalía autonómica (artigo 24 do Estatuto do Ministerio Fiscal -EOMF-, aprobado por Lei 50/1981, de 30 de decembro).

■ Xunta ordinaria do 20 de xuño de 2023

Celebrada baixo a presidencia do fiscal superior, coa asistencia do tenente fiscal e os outros dous fiscais do cadro de persoal (un deles en funcións de fiscal secretario).



Resumo dos asuntos tratados (orde do día)

- 1.- aprobación da acta da reunión anterior;
- 2.- distribución de servizos de fiscais e funcionariado durante as vacacións de verán;
- 3.- puntos a incluír na orde do día de próximas reunións da “Comisión Mixta” Fiscalía-Xunta de Galicia e da Xunta de Fiscais Xefes Provinciais de Galicia;
- 4.- *inspeccións ás fiscalías territoriais, contido e datas;*
- 5.- criterio a adoptar nas revisións de sentenza da Lei de Liberdade Sexual [LLO 10/2022] que acceden ao TSX de Galicia;
- 6.- rogos e preguntas.

■ *Xunta ordinaria do 13 de decembro de 2023*

Celebrada baixo a presidencia do fiscal superior, coa asistencia do tenente fiscal e os outros dous fiscais do cadro de persoal (un deles en funcións de fiscal secretario).

Resumo dos asuntos tratados (orde do día)

- 1.- aprobación da acta da reunión anterior;
- 2.- distribución dos servizos de fiscais e funcionariado durante as vacacións de Nadal;
- 3.- inspeccións ás fiscalías territoriais, contido e datas;
- 4.- dación de conta polo fiscal superior sobre os asuntos tratados na última reunión da Xunta de Fiscais Superiores celebrada o día 11/12/2023 no Pazo de Mariñán;
- 5.- estudo do cambio de criterio do TSX de Galicia sobre a admisibilidade dos recursos de apelación contra resolucións das Audiencias Provinciais en revisións de condena por aplicación da LLO 10/2022;
- 6.- rogos e preguntas.

SECCIÓN 3.4. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA

§ 1. INSTRUCCIÓNS XERAIS E NOTAS DE SERVIZO

■ **Instrucións xerais** ditadas polo fiscal superior de Galicia. Remitímonos ao indicado na posterior sección 6 deste capítulo I.

■ **Notas de servizo.**- Como quedou reflectido en memorias anuais anteriores, no exercicio da súa actividade de dirección e coordinación, o fiscal superior veu ditando as oportunas “notas de servizo” (art. 6 Lei 40/2015), para mellorar a organización e funcionamento da Fiscalía autonómica e, nalgúns casos, do conxunto do Ministerio Fiscal (MF) en Galicia. Dita actividade foi especialmente intensa, con motivo da crise sanitaria por coronavirus, durante os anos 2020 e 2021 (con 17 e 5 “notas de servizo”, respectivamente).



■ *Notas de servizo do Fiscal Superior durante 2023*

Foron ditadas as dous seguintes.

- Nota de Servizo nº 1/2023, do 28 de febreiro, sobre o auxilio e protección das vítimas e prexudicados nos delitos de intrusismo relacionados coa podoloxía

Foi ditada polo fiscal superior despois da celebración dunha reunión, a petición propia, con representantes do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia (COPOGA). Dita representación puxo de manifesto a súa preocupación pola gravidade e perigo do aumento dos casos de intrusismo profesional. E solicitaron tomácese conciencia desta situación e da necesaria actuación dos fiscais nos procedementos xudiciais para o auxilio e protección dos profesionais da podoloxía e dos seus pacientes. A “nota de servizo” foi remitida ás fiscalías provinciais e de área de Galicia, co obxecto de que os fiscais intervenientes nos procedementos xudiciais sobre eses delitos de intrusismo tivesen coñecemento das peticións do COPOGA.

- Nota de Servizo nº 2/2023, do 28 de xullo, sobre os delitos de furto e outros ilícitos cometidos nos supermercados de Galicia e a aplicación da Circular 1/2022, do 12 de decembro, da FXE, sobre a reforma do delito de furto operada en virtude da Lei Orgánica 9/2022, do 22 de xullo.

Esta Fiscalía autonómica vén celebrando reunións anuais, con representantes de supermercados que operan en Galicia e de centros comerciais, acerca da problemática relativa á frecuente comisión nos seus establecementos de ilícitos penais contra a propiedade e a liberdade. Pese ao carácter leve destes delitos, producen unha repercusión e incidencia moi notable na economía global das empresas e na xeral do país. Por iso, os devanditos representantes expuxeron a posibilidade de que tanto as fiscalías como as autoridades realizasen actuacións para unha mellor resolución desta problemática, mediante protocolos de intervención rápida das policía operativas, fiscalías e xulgados. Así as cousas, a referida nota de servizo foi emitida para as fiscalías territoriais de Galicia, co obxecto de que os fiscais intervenientes nos procedementos xudiciais sobre delitos de furto extremasen as medidas propostas na mencionada Circular FXE 1/2022.

§ 2. XUNTAS DE FISCAIS XEFES DE GALICIA

Baixo a presidencia do fiscal superior de Galicia, como superior xerárquico, ao longo do pasado ano 2023, celebráronse dúas reunións da *Xunta de Fiscais Xefes provinciais da CA de Galicia*, co fin de manter a unidade de criterio ou fixar posicións respecto a temas relativos á súa función (arts. 22, ap. 4 e 7, e 24, ap. 3, pº 2º, EOMF).



- *Reunión extraordinaria da Xunta de Fiscais Xefes provinciais de Galicia celebrada o día 31 de xaneiro de 2023 (EG 7/2023).*

Tivo lugar presencialmente na sede coruñesa da Fiscalía da CA de Galicia, coa asistencia dos catro fiscais xefes provinciais, baixo a presidencia do fiscal superior e a actuación como secretario do fiscal xefe provincial de Lugo.

Relación resumida dos asuntos tratados (orde do día)

- 1.- aprobación da acta da reunión anterior;
- 2.- estudo da Circular FXE 2/2022, do 20 de decembro, sobre a actividade extraprocesual do Ministerio Fiscal no ámbito da investigación penal;
- 3.-rogos e preguntas.

- *Reunión ordinaria da Xunta de fiscais xefes provinciais de Galicia celebrada o día 17 de novembro de 2023 (EG 88/2023)*

Tivo tamén lugar presencialmente na sede da Fiscalía autonómica, coa asistencia dos catro fiscais xefes provinciais, baixo a presidencia do fiscal superior e a actuación como secretario do fiscal xefe provincial de Pontevedra.

Relación resumida dos asuntos tratados (orde do día):

- 1.- aprobación da acta da reunión anterior;
- 2.- informe sobre a actividade do Gabinete de Comunicación desta Fiscalía autonómica;
- 3.- novo estudo da xa mencionada Circular FXE 2/2022, en relación especialmente coa oportunidade de celebrar unha reunión xeral desta Fiscalía autonómica e as provinciais coa Policía Xudicial;
- 4.-problemática dos delitos de furto e outros labores en supermercados de Galicia (aplicación de Circular FXE 1/2022, do 12 de novembro, sobre a reforma do delito de furto operada polo 9/2022, do 28 de xullo, así como de Nota de Servizo 11/2020 desta Fiscalía autonómica);
- 5.- Informe sobre o criterio, adoptado recentemente pola Sala do Civil e Penal do TSX de Galicia, sobre a admisibilidade dos recursos de apelación contra resolucións das audiencias provinciais en revisións de condena por aplicación da LO 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual;
- 6.- Tratamento das denuncias interpostas pola asociación denominada DEXCO-ESPAÑA, relativas ao escrutinio xeral das Eleccións Xerais celebradas o día 23 de xullo de 2023;
- 7.- Rogos e preguntas.



§ 3. XUNTAS DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS

- *Xunta de fiscais delegados de menores de Galicia celebrada o día 22 de xuño de 2023 (EG 88/2023)*

Celebrouse presencialmente na sede da Fiscalía autonómica, baixo a presidencia do fiscal superior, e a actuación como secretario do fiscal delegado autonómico (e tamén provincial de Ourense), coa asistencia da fiscal delegada provincial da Coruña, o fiscal coordinador do servizo protección de menores da Fiscalía de Área de Vigo e outra fiscal adscrita ao mesmo servizo. Por razóns de servizo, non puideron asistir as fiscais delegadas provinciais de menores de Lugo e Pontevedra.

Resumo dos asuntos tratados (orde do día) en materia de reforma de menores

- 1.- auxilios fiscais entre as fiscalías territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia;
- 2.- control na xurisdición de menores das medidas de afastamento por medios electrónicos;
- 3.- incorporación aos expedientes de reforma da información obtida a través do visor documental;
- 4.- emisión de informe ou non pola sección de menores nas peticións de teletraballo e conciliación laboral por parte dos membros do equipo técnico;
- 5.- criterios a seguir en determinados casos de delitos de agresión sexual (cando a vítima menor formula denuncia moitos anos despois de ocorridos os feitos e, na data desa denuncia, excede en máis de dez anos a maioría de idade).

Resumo dos asuntos tratados (orde do día) en materia de protección de menores

Puntos 1, 2, 9 e 13 da orde do día: relativos aos centros de menores con problemas de conduta. Inexistencia de programas específicos; prazas insuficientes cando coexisten nos novos problemas de conduta, toxicomanías e problemas de saúde mental; centro de Santo Anxo de Rábade, persistencia da problemática exposta en reunións anteriores e necesidade de reformular o funcionamento e actividade do centro. Incremento dos problemas de saúde mental e suicidios de menores. Valoración das unidades de saúde mental de Galicia.

Puntos 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 12 da orde do día: necesidade de acurtar os períodos de atención inmediata; falta de motivación nas resolucións administrativas en que se acordan medidas de protección; información deficiente pola Entidade Pública aos pais, titores, gardadores e outros familiares dos menores suxeitos a medida de protección, incluída a garda rogada, dos dereitos e obrigacións que ostentan, dos dereitos que lle asisten respecto aos menores con medida de protección; intervención deficiente dos letrados da Xunta de Galicia nos procesos de impugnación das resolucións administrativas en materia de protección de menores. Interinidade dos técnicos dos servizos de menores,



que afecta á tramitación dos expedientes administrativos. Informes de seguimento da evolución dos menores de carácter estereotipados.

Punto 10 da orde do día: Problemática relativa ao mozo que regresa á contorna familiar, tras a maioría de idade, pero sen lograr obxectivo nin superar as carencias familiares, o que supón un novo abandono.

Punto 11 da orde do día: Disxuntiva sobre a destrución ou mantemento dos expedientes de protección arquivados desde hai anos.

Recentemente convocouse, para a súa celebración en Santiago o día 28/02/2024, unha reunión técnico-xurídica en materia de menores entre a Fiscalía de Galicia e a Concellería de Política Social e Menores da Xunta de Galicia.

§ 4. ACTIVIDADE INSPECTORA: VISITAS DE INSPECCIÓN E INSTITUCIONAIS ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA

■ **Visitas de inspección ordinaria realizadas en 2023 pola Fiscalía autonómica a fiscalías territoriais de Galicia.**- Conforme á planificación acordada, foron realizadas dúas das tres visitas que estaban previstas, de acordo coa normativa vixente (arts. 13.2 EOMF, 11 do Regulamento do MF e concordantes) e o Protocolo de Inspección elaborado en outubro de 2021 pola Inspección Fiscal-GE.

■ *Inspección ordinaria á Fiscalía Provincial de Ourense o día 25 de abril de 2023 (EG 40/2023).*- Foi realizada polo fiscal superior, asistido dos fiscais Sres. Mariscal de Gante Castillo e Varela García, actuando este último como secretario.

Resumo dos temas e cuestións obxecto da inspección: 1) sede, instalacións e medios materiais; 2) aplicacións informáticas/Fiscalía Dixital; 3) persoal de fiscais; 4) persoal da oficina fiscal; 5) partidos xudiciais e órganos xudiciais que atende a fiscalía; 6) organización do traballo dos/as fiscais; 7) organización da secretaría; 8) xuntas de fiscalía (arts. 24.4 e 10 EOMF, Instrucións FXE 1/1987, 1/2003 sobre aspectos organizativos das fiscalías, e 1/2019 sobre réxime xurídico das xuntas de fiscalía); 9) dilixencias de investigación preprocesual (Circulares FXE 4/2013, sobre dilixencias de investigación, e 2/2022, sobre a actividade extraprocésual do MF no ámbito da investigación penal); 10) control de listaxes informáticas relativos a procedementos penais pendentes de ditame; 11) rexistro, control e supervisión da medida cautelar de prisión preventiva (Instrución FXE 4/20005, sobre motivación polo MF das solicitudes de medida cautelar de prisión provisional ou a súa modificación, e Circular FXE 2/1995 sobre o novo réxime da prisión preventiva); e 12) control de sentenzas (a súa notificación, visado e rexistro, criterios para interposición de recurso, Instrución FXE



1/2010 sobre funcións do MF na fase de execución dos procesos penais, e Protocolo da Inspección Fiscal de 2021).

■ *Inspección ordinaria á Fiscalía Provincial de Pontevedra o día 16 de xuño de 2023 (EG 40/2023).*- Foi realizada polo Fiscal Superior, asistido do fiscais Sr. Piñol Rodríguez (Tenente-Fiscal) e Sr. Varela García, actuando este último como secretario. *Resumo dos temas e cuestións obxecto da inspección:* 1) sede, instalacións e medios materiais; 2) aplicacións informáticas/Fiscalía Dixital; 3) persoal de fiscais; 4) persoal da oficina fiscal; 5) partidos xudiciais e órganos xudiciais que atende a fiscalía; 6) organización do traballo dos/as fiscais; 7) organización da secretaría; 8) xuntas de fiscalía e notas internas (arts. 24.4 e 10 EOMF, Instrucións FXE 1/1987, 1/2003 sobre aspectos organizativos das fiscalías, e 1/2019 sobre réxime xurídico das xuntas de fiscalía); 9) grao de implementación da normativa relativa a protección de datos (Instrución FXE 2/2019); 10) dilixencias de investigación penal e preprocesuais (Circulares FXE 4/2013, sobre dilixencias de investigación, e 2/2022, sobre a actividade extraprocésual do MF no ámbito da investigación penal); 11) control de listaxes informáticas relativos a procedementos penais pendentes de ditame; e 12) intervención do MF nos procedementos de dereitos fundamentais nas ordes xurisdicionais contencioso-administrativo e social.

■ *Inspección ordinaria á Fiscalía de Área de Santiago o día 26 de setembro de 2023 (EG 40/2023).*- Foi realizada polo fiscal superior, asistido do fiscais Sres. Piñol Rodríguez (tenente-fiscal) e Varela García, actuando este último como secretario.

Resumo dos temas e cuestións obxecto da inspección: os mesmos que na visita de inspección anterior á Fiscalía Provincial de Pontevedra.

Na planificación anual de 2023, tamén *estaba prevista unha posible cuarta inspección ordinaria, á Fiscalía Provincial da Coruña*, que finalmente non se realizou e deixouse para o ano seguinte.

■ **Planificación e coordinación de visitas inspectoras da FXE e da Fiscalía autonómica.-**

En aras da necesaria coordinación da visitas inspectoras da Inspección Fiscal e as das Fiscalías autonómicas, indicada no referido protocolo de 2021, mediante oficio data 13/11/2023 (EG 90/2023) esta Fiscalía autonómica comunicou á unidade inspectora central-FXE o *plan de inspeccións ordinarias previsto inicialmente para 2024 en Galicia* (Fiscalía Provincial da Coruña e Seccións Territoriais de Mondoñedo e Monforte). A *planificación definitiva para 2024* acordouse posteriormente en Xunta de Fiscais de data 13/12/2023: Fiscalía Provincial da Coruña (9 de abril de 2024); Sección Territorial de Mondoñedo (15 de outubro de 2024); e Sección Territorial de Monforte de Lemos (decembro de 2024).



SECCIÓN 3.5. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA

§ 1. RELACIÓNS COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

§ 1.1. RELACIÓNS CON ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMA GALEGA

A Fiscalía autonómica mantén coa Xunta de Galicia relacións constantes e fluídas, baseadas nun espírito de leal colaboración; máxime tendo en conta que nosa CA ten transferidas competencias en materia de medios persoais, materiais e tecnolóxicos de Xustiza desde o ano 1995 (RD 2166/1994 e normativa complementaria posterior). Estas relacións Fiscalía-Administración son particularmente intensas con varios Departamentos da Xunta de Galicia:

- A actualmente denominada *Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes* (en diante, V1^aCPXD). Dentro do devandito Departamento, é frecuente a relación coa Dirección Xeral de Xustiza (DXX); especialmente en temas de medios materiais, persoais e tecnolóxicos, a través da “Comisión Mixta” de Cooperación.
- A *AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)*, dependente actualmente da Consellería de Facenda e Administración Pública. A relación con esta axencia céntrase na temática de medios tecnolóxicos (TIC). A Fiscalía de Galicia relaciónase coa AMTEGA mediante a súa participación en dous grupos de traballo, un común (sobre implantación en Galicia da Administración de Xustiza Electrónica -AXE-) e outro específico en materia de medios tecnolóxicos entre a Fiscalía de Galicia e a AMTEGA.
- A *Consellería de Política Social e Menores*. Especialmente a través da súa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (DXFIDD) con temas como convenios de mediación familiar intraxudicial ou a protección e atención a colectivos vulnerables (menores e persoas maiores ou con discapacidade). A resultados da Xunta de Fiscais delegados de Galicia en materia de menores, celebrada o día 22/06/2023 na sede desta Fiscalía autonómica (EG 43/2023), convocouse unha reunión técnico-xurídica en materia de menores, a celebrar en Santiago o día 28/02/2024, entre os Fiscais delegados na materia e a referida Consellería.



§ 1.2. RELACIÓNS CO PARLAMENTO AUTÓNOMICO DE GALICIA

Neste apartado, cómpre salientar as seguintes actuacións, no marco do disposto no art. 11.2 EOMF e disposicións concordantes.

- 17/10/2023. Entrega formal da Memoria Anual 2023 (exercicio 2023) á Presidencia do Parlamento autonómico, e posterior presentación aos medios de comunicación.
- 09/11/2023. Comparecencia do fiscal superior de Galicia ante a Comisión de Xustiza do Parlamento autonómico galego para a presentación e exposición da Memoria Anual relativa a 2022.

§ 1.3. RELACIÓNS CO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Ao longo de 2023, como vén sendo habitual, a relación co TSX é constante e fluída, tanto no plano xurídico-procesual como no institucional. Seguidamente salientamos as seguintes actividades de relación durante ese ano.

- Como é obvio, a principal e máis cotiá relación que esta Fiscalía autonómica mantén co TSX de Galicia (co que comparte sede) concrétese, sobre todo, na *actividade que o MF desprega nos procedementos competencia das tres salas que integran o máximo órgano xudicial de Galicia* (Sala do Civil e Penal, Sala do Contencioso-Administrativo e Sala do Social). De tal actividade ocúpase esta memoria nos apartados oportunos do capítulo II desta, onde se fai remisión.
- *Intervención do fiscal superior de Galicia no solemne acto de apertura do ano xudicial 2023-2024 en Galicia* (15/09/2023). Como todos os anos, o máximo representante do MF en Galicia tivo a honra de participar neste singular acto, xunto a representantes de diversos organismos e institucións.
- Asistencia a actos de toma de posesión e xuramento/promesa de corpos superiores da Administración de Xustiza, no Palacio de Xustiza da Coruña, sede do TSX: 10/02/2023, acto de xuramento/promesa de xuízas/ces da 71ª promoción da carreira xudicial; 30/06/2023, acto de xuramento/promesa de xuízas/ces substitutas/vos.



§ 2. RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS, INSTITUCIÓNS E ENTIDADES

Ademais das relacións institucionais e de colaboración cos organismos e institucións da CA de Galicia xa tratados anteriormente (esencialmente, Goberno autónomo, Parlamento de Galicia e TSX); como vén sendo habitual, o fiscal superior mantivo, tamén durante 2023, *relacións con outros organismos, institucións e entidades, tanto públicas como privadas, representativas, a nivel estatal ou autonómico, de distintos ámbitos* (político-institucional, xurídico, policial, militar, social etc.).

§ 3. COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS

§ 3.1. COLABORACIÓN EN MATERIA DE MEDIOS PERSOAIS, MATERIAIS E TECNOLÓXICOS. COMISIÓN MIXTA FISCALÍA-XUNTA DE GALICIA.

No ano 2023 celebrouse unha soa reunión, que se apunta a continuación.

- *Reunión da “Comisión Mixta Fiscalía-Xunta” celebrada o día 12 de setembro de 2023.* Tivo lugar na sede coruñesa desta Fiscalía autonómica (Pazo de Xustiza).

Participantes por parte da Fiscalía: O fiscal superior de Galicia; a fiscal de sala xefa da Unidade de Apoio-FXE (acompañada doutro fiscal desa unidade central); e os catro fiscais xefes provinciais de Galicia. Participantes por parte da Xunta de Galicia: o Vicepresidente 1º e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, o Director Xeral de Xustiza, o Director da AMTEGA e outros catro cargos da Consellería de Xustiza e da AMTEGA.

- *Resumo dos asuntos tratados (orde do día):*
 - 1.- Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.
 - 2.- Cuestións relativas a infraestruturas e medios materiais.
 - 3.- Cuestións diversas sobre informática e medios tecnolóxicos (AMTEGA). Faremos mención a elas no apartado de “medios tecnolóxicos” (sección 5 deste capítulo I).
 - 4.- Cuestións diversas en materia de persoal.
 - 5.- Oficinas de Atención ás Vítimas (OAVs): desenvolvemento, problemas e solucións. Esta temática será detallada no apartado dedicado á área especializada de vítimas no proceso penal (sección 2.12 do capítulo II desta memoria).
 - 6.- Situación da seguridade na “Cidade da Xustiza” de Vigo.
 - 7.- Rogos e preguntas.



§ 3.2. CONVENIOS E PROTOCOLOS SUBSCRITOS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

■ Convenios e protocolos subscritos no ano 2023

- *Protocolo de actuación na asistencia integral ás vítimas de delitos, con especial consideración ás vítimas de violencia de xénero e outras vítimas especialmente vulnerables (EG 36/2019).*

Conforme ao disposto no art. 31 da Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito (EVD), e tras un longo proceso iniciado xa en 2015, foi aprobado o 28 de marzo de 2023 polo Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero (OBGVX). Realízase un exame deste protocolo no apartado dedicado ás vítimas (sección 2.12 do capítulo II).

- *Convenio entre a Xunta de Galicia, a Fiscalía Xeral do Estado, a Deputación da Coruña e o Centro de Estudos Xurídicos (CEX) do Ministerio de Xustiza, para o desenvolvemento dos cursos de formación para fiscais da Escola de Verán do Ministerio Fiscal do ano 2023 (EG 58/2023).*

Foi subscrito o día 20 de xuño de 2023, coa intervención do fiscal superior de Galicia por delegación e en representación do fiscal xeral do Estado.

O obxecto do convenio era a celebración dos cursos da “Escola de Verán do Ministerio Fiscal” do ano 2023 na súa habitual sede do Pazo de Mariñán, propiedade da Deputación da Coruña, situado no municipio de Bergondo (A Coruña). O encontro deste ano desenvolveuse durante os días 20 ao 23 de xuño, baixo o título de “Xornadas sobre o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal”.

■ Referencia a outras cuestións relativas a convenios e protocolos

- *Constitución en data 8 de maio de 2023 da Comisión Paritaria de Seguimento do Protocolo de Alcoholemia de 2016 (EG 32/2023).*

Prevista na cláusula quinta do devandito documento (*Protocolo de colaboración para a toma de mostras de sangue para a detección de alcol e/ou drogas nos centros de saúde do Servizo Galego de Saúde – SERGAS -*, subscrito o día 22/01/2016). Faise un comentario deste tema no apartado dedicado á área especializada de seguridade viaria (sección 2.5 do capítulo II).

- *Actualización do Convenio de cooperación educativa, subscrito o 07/02/2017 entre a Fiscalía da CA de Galicia e a Universidade da Coruña (UDC), para a realización de prácticas académicas externas; así como constitución da Comisión Paritaria de Seguimento do mesmo protocolo (EG 36/2023).* Ao final de 2023 aínda non finalizara ese dobre proceso.



- *Convenio de colaboración en materia de formación para fiscais destinados en Galicia, entre esta Fiscalía da CA de Galicia, o Centro de Estudos Xurídicos (CEX) e a Xunta de Galicia (EG 66/2023).*

A final de 2023 estíbese á espera da remisión do texto definitivo por parte da Unidade de Apoio da FXE e a eventual delegación de firma por parte do fiscal xeral do Estado en favor do fiscal superior de Galicia.

- *Convenio de colaboración entre o Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña (ICACOR) e a Fiscalía da CA de Galicia en materia de medios alternativos de solución de conflitos (MASC), con especial atención á mediación (EG 26/2022).*

En data 05/07/2022 o ICACOR formulou a esta Fiscalía unha proposta de colaboración na referida materia, á vista das novidades legislativas que se esperaban do entón Proxecto de Lei de Eficiencia Procesual do Servizo Público de Xustiza. Finalmente, o devandito proxecto legislativo caducou ao interromperse a XIV lexislatura con motivo da convocatoria de Eleccións Xerais para o día 23/07/2023; o que motivou o arquivo o 12/12/2023 da tramitación levada a cabo (EG 26/2022)

SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS

Ningunha novidade especial que comentar.

SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA

§ 1. Transformación dixital, tecnoloxías disruptivas e reforma da estrutura organizativo-funcional

Remitímonos ao xa exposto en memorias anteriores.

§ 2.- Situación actual das fiscalías territoriais de Galicia en materia de medios tecnolóxicos

- *Implantación plena de Fortuny Dixital.* Nas 11 fiscalías territoriais de Galicia (autonómica, provinciais e de área), Fortuny Dixital está implantado e operativo en todas as ordes xurisdicionais, tras a última incorporación, en data 05/04/2022, da Fiscalía de Área de Santiago. Desa forma,



conseguiuse a comunicación bidireccional con todos os órganos xudiciais en todas as fiscalías territoriais de Galicia.

■ *“Comisión Mixta” de Coordinación entre a Fiscalía e a Xunta de Galicia. Reunión celebrada o día 12/09/2023. Cuestións diversas sobre medios tecnolóxicos:*

■ *Proxectos tecnolóxicos para o MF (informe por Unidade de Apoio-FXE)*

- *Sede electrónica do Ministerio Fiscal.* Foi creada por Decreto do Fiscal Xeral do Estado de data 18/07/2023, publicada en BOE/BOE nº 172, de 20/07/2023). O seu ámbito de aplicación esténdese a todos os órganos do MF; a súa titularidade corresponde á Unidade de Apoio e a súa xestión tecnolóxica ao Ministerio de Xustiza (ou CA que teña o servizo transferido). Ao dispor das persoas interesadas dispoñerá o contido e servizos establecidos polo art. 11 do Regulamento de actuación e funcionamento do Sector Público por medios electrónicos (aprobado por RD 203/20221, do 30 de marzo). En concreto, conterá todas as actuacións, procedementos e servizos que requiran mecanismos de autenticación da cidadanía, fiscais e profesionais nas súas relacións co MF no ámbito administrativo e gubernativo; así como aqueles outros cuxa a súa inclusión na sede decídase por razóns de transparencia, eficacia e calidade na prestación dos servizos. O Decreto de creación da sede electrónica prevé a súa entrada en funcionamento cando o determine o seu titular e, en todo caso, nun prazo máximo de seis meses. A implantación da sede electrónica será progresiva; empezará pola Unidade de Apoio-FXE e irase estendendo ao resto dos órganos do MF.

- *Nova aplicación de xestión procesual “ATENEA-Fiscalía”.* Considérase que a actual, “Fortuny”, xa non dá máis de si. Polo que se evolucionará cara a un novo sistema, “Atenea-Fiscalía”, en paralelo, a “ATENEA-Xulgados”, como substituto do actual “Minerva”. Prevese a desaparición do actual “Fortuny” en 2025.

- *Aplicación “DATA-LAB”, para xestión de recursos humanos (para fiscais).* Unha vez pónase en marcha este sistema, que se alimentaría de “AINOA”, o ideal sería integrar no mesmo todo o persoal que traballa en cada fiscalía.

■ *Rexistro e xestión de tres tipos de dilixencias de investigación polo MF (preprocesuais, auxiliares e postprocesuais), tras a Circular FXE 2/2022, do 20 de decembro.* Existen dificultades para efectuar ese rexistro e xestión xa que se esixe dar numeración correlativa e independente en Fortuny a cada un deses tres tipos de dilixencias. A FXE solicitou ao Ministerio de Xustiza a elaboración dunha *nova aplicación específica para estas dilixencias de investigación.*



■ *Grupo de Traballo específico en materia de medios tecnolóxicos entre Fiscalía de Galicia e AMTEGA.*

- *Novo servizo de consultas de informes do Menor desde o Visor EXE para os fiscais de Menores.* Aprobado mediante convenio asinado “ad hoc” en data 21/12/2022 entre a Fiscalía e a Xunta de Galicia. A través da integración do Visor EXE coa plataforma de intermediación “pasaXe!, os fiscais de Menores poderán consultar as fichas do Servizo de Menores da Consellería de Política Social e Menores, cando o menor atópanse dentro do Sistema de Protección de Menores, no Sistema de Xustiza de Menores ou en ambos. Segundo o documento informativo facilitado pola AMTEGA, o plan de implantación nas seccións de Menores das fiscalías provinciais de Galicia realizarase en tres fases, cunha activación “piloto” na de Ourense (prevista para o 10/11/2023) e a posterior activación no resto das Fiscalías.

- *Modelo de comunicación telemática das fiscalías territoriais de Galicia. Con órganos xudiciais a través de Lexnet (operativo en todas) e con outros órganos do MF e administracións públicas mediante a plataforma de rexistro (GEISER).* Iniciado en 2021 (EG 26/2021) foi entre 2022 e 2023 cando, previo proceso de formación, a AMTEGA realizou a activación da ferramenta de rexistro GEISER (Xestión Integrada de Servizos de Rexistro) tanto nas Fiscalías territoriais de Galicia (autonómica, provinciais e de área) como nas seccións de Menores das catro fiscalías provinciais. Como sistema de rexistro extraprocesual, e en “modo nube”, que facilita a comunicación bidireccional, áxil e segura, con outros órganos do MF e das AAPP. O proceso de formación-activación iniciouse na Fiscalía Provincial de Pontevedra (15/03/2022) e terminou, de momento, na Fiscalía autonómica (29/12/2023). Só está pendente a activación na Fiscalía de Área de Santiago a data do informe remitido pola AMTEGA (11/01/2024).

- *Consolidación do Expediente Xudicial Electrónico (EXE) no visor.* Supón a consolidación de todos os documentos electrónicos que se atopen en estado definitivo, ademais dos vídeos das vistas e os expedientes administrativos recibidos desde as AAPP. Xérase, así, un índice electrónico que garante a integridade do expediente e a fiabilidade da información.

- *Equipamento e medios TIC para as Fiscalías de Galicia.* Entre os meses de outubro de 2022 e xaneiro de 2023 levou a cabo unha renovación dun total de 157 equipamentos para fiscais (34 na Coruña, 25 en Pontevedra, 28 en Vigo e 70 nas demais). Ademais, nas oficinas fiscais tamén levouse a cabo a dotación dun segundo monitor en 126 postos de traballo do persoal dun total de 154 (algúns usuarios non quixeron o dobre monitor). Está a levarse a cabo o proceso de dotación de “posto dixital avanzado” para o persoal funcional das oficinas. A data 08/11/2023 xa dispoñía do mesmo o persoal da Fiscalía autonómica e o da Fiscalía de Área de Vigo.



SECCIÓN 6. INSTRUCCIÓN XERAIS E CONSULTAS

■ *Instrución 1/2023, do 3 de marzo, sobre a dirección da Policía Xudicial polo Ministerio Fiscal na actividade extraprocesual da investigación penal (EG 7/2023).*

Foi elaborada polo fiscal superior, tras a celebración en data 31/01/2023 de Xunta Extraordinaria de Fiscais Xefes de Galicia, convocada, con carácter previo a unha reunión telemática da Xunta de Fiscais Superiores de CCAA sinalada para o día 13/02/2023, para abordar o estudo e diversas cuestións relativas á aplicación da fundamental *Circular FXE 2/2022*, do 20 de decembro, *sobre a actividade extraprocesual do Ministerio Fiscal no ámbito da investigación penal*. O obxectivo esencial da referida Instrución é “coordinar todas as actuacións en materia da actividade extraprocesual do Ministerio Fiscal no ámbito da investigación penal”, para o que concreta un total de catro normas ou instrucións específicas “ás que haberán de axustarse as unidades da Policía Xudicial na Comunidade Autónoma de Galicia”. Xunto coa Circular FXE 2/2022, a referida Instrución 1/2023 do fiscal superior foi remitida ás distintas unidades da Policía Xudicial en Galicia, para o seu coñecemento e aplicación en diante das prescricións da devandita Instrución, complementándose coas instrucións que emitan os fiscais xefes provinciais. Ao mesmo tempo, indicóuselles que as cuestións ou problemática xeral da referidas Instrución do Fiscal Superior e Circular FXE “deberán tratarse e resolverse mediante os contactos ou reunións cos fiscais xefes provinciais de quen dependan as unidades de Policía Xudicial”.

■ *Instrución 2/023, do 26 de xullo, sobre as actuacións e forma de proceder da Fiscalía en materia de incendios forestais.*



SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA

SECCIÓN 7.1. RESUMO DO CADRO DE FISCAIS EN GALICIA EN 2023

§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS

PERSOAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA - ANO 2023 CIFRA TOTAL E DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍAS					
CATEGORÍA	2023	2022	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	OBSERVACIÓNS	
2ª CATEGORÍA (FISCAL)	105	103	2 (1,94%)	125 desde 18/01/2024 (RD 46/2024)	5,63% DO TOTAL ESTATAL
3ª CATEGORÍA (AVOGADO FISCAL)	46	46	=	26 desde 18/01/2024 (RD 46//2024)	5,54 FISCAIS/100.000 HABITANTES
TOTAL PERSOAL (TODAS AS CATEGORÍAS)	151	149	2 (1,34%)		1 FISCAL/18.056,81 HABITANTES

§ 2. ANÁLISE DE DATOS

■ Cifra total de fiscais en Galicia

Por RD 311/2023, do 25 de abril (BOE nº 99, do 16 de abril), realizouse a penúltima modificación e ampliación do cadro orgánico do MF (a relación de todos os postos de traballo integrantes da carreira fiscal, as súas características, a súa forma de nomeamento e o número de coordinadores asignados a cada fiscalía). O devandito RD estableceu un persoal cunha cifra total de 2.683 fiscais, cun incremento de 70 (2,68%) respecto a anterior ampliación (por RD 306/2022); e coa seguinte distribución: 28 de primeira categoría (fiscais de sala), 2.010 de segunda (fiscais) e 645 de terceira (avogados/as fiscais). Polo que respecta á CA de Galicia, este RD 311/2023 creou dúas novas prazas de segunda categoría, unha na Fiscalía Provincial da Coruña e outra na de Ourense; o que situou a cifra total de Galicia en 151 fiscais, con aumento de 2 (1,34%) e unha porcentaxe de 5,63% na mencionada cifra total estatal (2.683).

Estas cifras totais (do conxunto de España e de Galicia) mantéñense no novo RD 46/2024, do 16 de xaneiro, polo que se modifica o cadro orgánico do MF para adecualo ás necesidades existentes (BOE nº 15, do 17 de xaneiro). O obxecto deste novo RD é proceder a “a conversión



de 219 prazas de terceira categoría en prazas de segunda categoría, no cadro orgánico do Ministerio Fiscal, aprobado mediante Real Decreto 311/2023, do 25 de abril (art. 1). Desta forma, aínda que se mantén a cifra total de 2.683 fiscais, cambia a distribución por categorías, que pasa a ser a seguinte: 28 de primeira categoría (fiscais de sala), 2.229 de segunda (fiscais) e 426 de terceira (avogados/as fiscais). Este novo RD 46/2024 derogou o anterior RD 311/2023 e entrou en vigor en data 18 de xaneiro de 2024 (ao día seguinte da súa publicación no BOE); e, en canto á CA de Galicia, supuxo a conversión dun total de 20 prazas de terceira en segunda categoría, coa seguinte distribución (art. 2, h): 2 na Fiscalía Provincial da Coruña, 2 na Fiscalía de Área de Santiago, 1 na Fiscalía de Área de Ferrol, 1 na Sección Territorial de Mondoñedo (Lugo), 4 na Fiscalía Provincial de Ourense, 5 na Fiscalía Provincial de Pontevedra e 5 na Fiscalía de Área de Vigo.

Por tanto, a partir do citado RD 311/2023 (con entrada en vigor o 27/04/2023) e o posterior RD 46/2024 (con eficacia de 18/01/2024), a nivel estatal o cadro orgánico do MF está integrado por unha cifra total de 2.683 fiscais, con incremento de 70 (2,68%) respecto a ampliación anterior (RD 306/2022); e a nivel de Galicia, por unha cifra total de 151 fiscais, con aumento de 2 (1,34%) e un porcentaxe de 5,63% na referida cifra total estatal.

Durante a vixencia do RD 311/2023 (desde 27/04/2023 ata, inclusive, o 17/01/2024), en canto á cifra estatal (2.683), a distribución por categorías era a seguinte: 28 de primeira categoría (fiscais de sala), 2.010 de segunda (fiscais) e 645 de terceira (avogados/as fiscais). E, polo que se refire á cifra total de Galicia (151), nese mesmo período, a distribución por categorías era esta: 105 prazas de segunda e 46 de terceira.

Actualmente, a partir da entrada en vigor de novo RD 46/2024 (desde 18/01/2024), aínda manténdose as cifras totais estatal e de Galicia (2.683 e 151), cambia a distribución por categorías de fiscais. Así, a nivel estatal, a distribución é entre 28 de primeira categoría (1,04% do total), 2.229 de segunda (83,08%) e 426 de terceira (15,88%); e, a nivel de Galicia, entre 125 de segunda (82,78%) e 26 de terceira (17,22%).

De acordo co documento da FXE “Indicadores de Igualdade 8M 2023” (referido ao exercicio 2022), anotamos algúns indicadores sociolóxicos da carreira fiscal en Galicia (datos actualizados a data 31/12/2022):

- Distribución por sexo: mulleres o 64% do total; homes o 36% (similar a cocientes estatais de 65%/35%)
- Idade media: 49 anos; 47 en mulleres e 51 en homes (semellante a cocientes estatais de 48,33; 47,11 en mulleres e 51,83 en homes).
- Antigüidade media en carreira fiscal: 19 anos; 17,03 en mulleres e 22,5 en homes (similar a cocientes estatais: 19,78; 17,13 en mulleres e 23,06% en homes).
- Distribución de cargos directivos (xefaturas territoriais): dun total de 8 xefaturas, 6 son desempeñadas por homes (en Fiscalía da CA de Galicia, en Fiscaías Provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra e en Fiscaías de Área de Santiago e Vigo); mentres que só 2 están exercidas por mulleres (Fiscalía Provincial de Ourense e Fiscalía de Área de Vigo).



Segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE) a CA de Galicia conta cunha poboación de 2.696.177 habitantes, segundo o censo padrón de habitantes a data 01/01/2023 (con efectos de 31/12/2023, conforme RD 1085/2023, do 5 de decembro (BOE/BOE nº 306, de 23/12/2023); cifra poboacional distribuída nun total de 4 provincias e 313 municipios e 45 partidos xudiciais.

Á vista dos datos expostos, Galicia ten un cociente 5,60 fiscais por cada 100.000 habitantes, equivalente a 1 fiscal por cada 17.855,44 habitantes. Case igual ao cociente do conxunto de España, que - cunha poboación de 48.085.361 e 2.683 fiscais- é de 5,58 fiscais/100.000 habitantes (equivalente a 1 fiscal/17.922,24 habitantes). Con todo, o persoal de 151 fiscais de Galicia segue sendo notoriamente inferior á correlativa de xuíces e maxistrados, que é de 360 (a data 01/01/2022, segundo o último informe coñecido de “A Xustiza dato a dato. Ano 2022”, do Consello Xeral do Poder Xudicial -CXPX-), cun cociente de 13,38/100.000 habitantes de 2022 (2.690.464), equivalente a 1/7.473,51 habitantes, e de 2,32 xuíces/1 fiscal (0,42 fiscal/ 1 xuíz).

Á parte da cifra de 151 fiscais titulares, integrantes do cadro orgánico do MF en Galicia, durante o ano 2023 tamén prestaron servizo un total de 13 avogados fiscais substitutos (substitucións externas previstas en RD 147/2022); cuestión tratada xa anteriormente (§ 2 sec. 2ª deste cap. I).

■ Distribución da cifra total de fiscais por categorías e postos de dirección en 2023

Conforme ao texto e anexo do RD 311/2023, vixente desde o 27/04/2023 ata o 17/01/2024, data da súa derogación polo novo RD 46/2024, con vixencia desde o 18/01/2024. Por tanto, as cifras do primeiro RD estaban vixentes a data 31/12/2023.

- *Distribución por categorías da carreira fiscal:* 105 prazas de segunda categoría (fiscal) e 46 de terceira (avogado fiscal). A partir do RD 46/2024, 125 de segunda e 26 de terceira.
- *Distribución por postos de dirección ou coordinación-decanato* (independentemente da categoría).
 - 1 Fiscal Superior de CA (máximo responsable da Fiscalía autonómica);
 - 1 Tenente Fiscal de Fiscalía de CA;
 - 4 Fiscais-Xefes de Fiscaías Provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra);
 - 4 Tenentes Fiscais de Fiscaías Provinciais;
 - 3 Fiscais-Xefes de Área (nas Fiscaías de Área de Santiago, Ferrol e Vigo);
 - 36 Fiscais coordinadores; e
 - 8 Fiscais decanos.

■ Órganos xudiciais atendidos polo persoal do Ministerio Fiscal en Galicia

Segundo datos obtidos o Punto Neutro Xudicial (PNX) en 2023 existían en Galicia un total de 424 órganos xudiciais, sumadas todas as xurisdicións. En todos eles, interveñen os membros do MF, con particular intensidade nos órganos da xurisdición penal.



SECCIÓN 7.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO PERSOAL DE FISCAIS DE GALICIA EN 2023

Os datos e información seguintes axústanse ao anexo do RD 311/2023, do 25 de abril (BOE nº 99, do 16 de abril), vixente desde o 27/04/2023 ata o 18/01/2024, data de entrada en vigor do novo RD 46/2024.

FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA ("FISCALÍA SUPERIOR")				
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL SUPERIOR	1	2		As catro provincias da CA de Galicia
TENENTE FISCAL	1	2		
FISCAIS	2	2		
TOTAL	4			

FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE		2			Partidos Xudiciais de Arzúa, A Coruña, Betanzos, Carballo, Corcubión e Ordes (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	27	2	2	14	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
TOTAL	34		2	14	

FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos Xudiciais de Muros, Negreira, Noia, Padrón e Ribeira (RD 2123/2008)
FISCAIS	8	2		4	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
TOTAL	14			4	

FISCALÍA DE ÁREA DE FERROL					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos Xudiciais de Ferrol e Ortigueira (RD 2123/2008)
FISCAIS	3	2		1	
AVOGADOS-FISCAIS	3	3			
TOTAL	7			1	



FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos Xudiciais da Fonsagrada, Becerreá e Lugo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	6	2		1	
AVOGADOS-FISCAIS	4	3			
TOTAL	12			1	

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONDOÑEDO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	2	2	1	1	Partidos Xudiciais de Mondoñedo, Vilalba e Viveiro (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	2	3			
TOTAL	4		1	1	

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONFORTE DE LEMOS					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos Xudiciais de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	2	3			
TOTAL	3		1	1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			PARTIDOS XUDICIAIS DA POBRA DE TRIVES, CELANOVA, OURENSE, O CARBALLIÑO, O BARCO DE VALDEORRAS E RIBADAVIA (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	9	2	1	3	
AVOGADOS-FISCAIS	6	3			
TOTAL	17		1	3	



FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos Xudiciais de A Estrada, Caldas de Reis, Lalín, Marín, Pontevedra e Cangas do Morrazo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	17	2	2	6	
AVOGADOS-FISCAIS	9	3			
TOTAL	28		2	6	

FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos Xudiciais do Porriño, Pontearreas, Redondela, Tui e Vigo (RD 2123/2008)
FISCAIS	17	2	1	5	
AVOGADOS FISCAIS	10	3			
TOTAL	28		1	5	





CSV: BOPGDSPG-IL3eZCa4-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

CSV: BOPGDSPC-IL3eZC94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CAPÍTULO II

ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS





CSV: BOPGDSPG-IL3eZCa4-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS


SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL

SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS

SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA



DINÁMICA DE DELITOS GALICIA 2023

DELITOS SENTENCIADOS **93.707**

DELITOS CUALIFICADOS **14.673**

DELITOS INCOADOS **14.068**

SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

Baséase este exame nas estatísticas e memorias das fiscalías provinciais de Galicia. Noutro apartado faise referencia aos datos de procedementos penais correspondentes ao ámbito da Fiscalía da CA de Galicia

SECCIÓN 1.1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

§ 1. EXPOSICIÓN DOS DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS

ESTADÍSTICA 2023 FISCALÍA DE GALICIA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) RESUMO PERÍODO ANOS 2015-2023 - DATOS GLOBAIS DE GALICIA

ANO	TRAMITADOS (PENDENTES, INCOADOS E REABERTOS)	TERMINADOS (POR SENTENZA, FINALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN)	PENDENTES (A FINAL DE ANO)
2015	215.701	186.828	28.873
2016	158.695	123.529	35.166
2017	136.751	104.175	32.576
2018	132.454	97.015	35.439
2019	144.381	108.661	35.720
2020	126.443	87.994	38.449
2021	137.680	101.678	36.002
2022	139.313	102.356	36.957
2023	146.627	97.484	49.143
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.) 2023-2022	7.314 (5,25%)	-4.872 (-4,76)	12.186 (32,97%)
PORCENTAXE (%) EN CIFRA DE TRAMITADOS	100%	66,48%	33,52%
V.I. PERÍODO 2015-2023	-69.074 (-32,02%)	89.344 (47,82%)	20.270 (70,20%)
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2015-2023	148.672	112.191	36.481
% EN CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2015-2023	100%	75,46%	24,54%



§ 2. ANÁLISE DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS

§ 2.1. EVOLUCIÓN DE PROCEDEMENTOS PENAIS EN PERÍODO 2015-2021

§ 2.2. DATOS XERAIS DE PROCEDEMENTOS PENAIS NO ANO 2023

■ *Cifras xerais.* De acordo con a estatística fiscal de 2023 consta a cifra total de 146.627 *procedementos xudiciais penais tramitados* por delito en Galicia, con lixeiro aumento interanual de 7.314 , equivalente a 5,25% (1,19% en ano anterior). Sen computar a cifra de xuízos por delitos leves (XDL) tramitados (23.822), “sucesor” parcial do antigo xuízo de faltas (XF), a cifra total de procedementos tramitados situaríase en 122.805 , con aumento interanual de 5.728, equivalente a 4,89% (1,57% en ano anterior).

Dentro desta cifra global de tramitados, as tres cuartas partes (75,47%) corresponde aos *procedementos incoados ou ingresados*, concretamente 110.658, con incremento interanual de 2.693 , equivalente a 2,75% (5,25% en ano anterior). Sen computar a cifra de XDL incoados (17.569), “sucesor” parcial do antigo XF, a cifra total de procedementos incoados situaríase en 93.089, con aumento interanual de 2.343 , equivalente a 2,58% (5,28% en ano anterior).

Nas cifras totais de 2023 incluíronse non só os datos das catro provincias galegas senón tamén os do TSX de Galicia (39 causas tramitadas contra persoas aforadas e, dentro delas, 31 incoadas ou ingresadas no ano).

■ *Incidencia das folgas funcionariais de 2023.* Durante un longo período deste ano (aproximadamente entre abril e novembro) producíronse folgas do funcionariado xudicial de Galicia, con repercusións negativas no desenvolvemento do traballo nos órganos xudiciais e fiscalías da CA de Galicia. Houbo tamén impacto negativo por folga de avogados da quenda de oficio. En liñas xerais, os datos estatísticos evidencian que, *aínda que se rexistrou un lixeiro aumento interanual das cifras de procedementos tramitados e incoados* (5,25% e 2,75%, respectivamente), *foron terminados menos*, por sentenza ou outras formas alternativas (-4,76%) e, *correlativamente, aumentaron os pendentes a final de ano* (32,9%). A incidencia das folgas tamén parece explicar o lixeiro descenso interanual das cualificacións do MF (-5,99%); así como o descenso dos xuízos celebrados (-4,10%) e o aumento dos suspendidos (70,37%); e o descenso tamén das sentenzas ditadas (-4,85%), especialmente as sentenzas condenatorias por conformidade do acusado (-9,25%).

■ *Algúns datos relevantes sobre procedementos en 2023*

■ *Procedemento tramitado de maior peso cuantitativo.* É o de dilixencias previas (DP), cunha cifra de 97.423, un aumento interanual de 5.091 (5,51%) e unha elevada porcentaxe de dous terzos (66,44%) da cifra total de procedementos tramitados (146.627). Seguindo do xuízo por delitos leves XDL, que rexistrou unha cifra de 23.822, con incremento de 1.586 (7,13%) e unha menor porcentaxe de 16,25% na referida cifra total; o procedemento abreviado (PA),



cunha cifra de 14.998, aumento de 416 (2,85%) e unha porcentaxe de 10,23%; as dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU), cunha cifra de 9.979, incremento de 137 (1,39%) e unha porcentaxe de 6,80% na totalidade de procedementos tramitados; o sumario-procedemento ordinario, cunha cifra de 351, aumento de 58 (19,80%) e leve porcentaxe de só 0,24%; e, finalmente, o Procedemento do Tribunal do Xurado (PX), cunha cifra de 54, con descenso de -7 (-11,48%) e outra leve porcentaxe de só 0,04%.

■ *Procedemento de dilixencias previas (DP), “filtro preliminar” común para a maioría dos delitos.* Como en anos anteriores, esta “funcionalidade” das DP vén demostrada polas cifras da estatística fiscal de 2023. Segundo a mesma, case a metade (48,61%) das DP tramitadas (97.423) remataron por “finalización anticipada”, FA, (sobresemento/arquivo ou acumulación/inhibición), concretamente 47.355 DP. Mentres que só 14,24% das tramitadas foron obxecto de transformación noutro procedemento, concretamente, 13.874. O resto, 36.194, quedaron pendentes a fin de ano (37,15% de cifra total de tramitadas).

■ *Procedemento de maior eficacia, en termos de cualificación fiscal e terminación por sentenza condenatoria por conformidade do acusado.* É o procedemento das dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU), polas seguintes razóns, actualizadas con datos de 2023:

- As DU tramitadas (9.979) representan máis dun terzo (39,32%) da cifra total (25.382) de procedementos tramitados con posibilidades reais de ser obxecto de cualificación fiscal (todos, menos DP, “filtro preliminar procedemental”, e XDL, sen trámite de cualificación fiscal escrita).

- As dúas terceiras partes (67,94%) das DU tramitadas (9.979) foron obxecto de cualificación fiscal (6.780); porcentaxe algo inferior ao de 2022 (75,65%), debido probablemente ao impacto das folgas funcionariais en 2023. Esa porcentaxe en DU (67,94%) é superior ao equivalente dos demais procedementos: PA (45,91%), SU-PO (30,48%) e PX (31,48%).

- Más da metade (56,98%) das DU tramitadas (9.979) foron terminadas mediante sentenza condenatoria por conformidade do acusado (5.686); porcentaxe algo inferior ao do pasado ano (62,11%), atribuíble tamén para o efecto das referidas folgas funcionariais.



§ 2.3. DATOS PARTICULARES DE PROCEDIMENTOS NO ANO 2023 (TRAMITADOS, TERMINADOS E PENDENTES FINAL DE ANO)

§ 2.3.1. PROCEDIMENTOS TRAMITADOS (PENDENTES INICIO ANO, INCOADOS E REABERTOS)

- *Procedementos pendentes a inicio de ano*: 34.534 procedementos, que representan unha porcentaxe de case a cuarta parte (23,55%) na cifra global de tramitados (146.627). A maior parte desta “pendencia inicial” son en DP, cunha cifra de 21.581 (62,49% do total); o resto, nos demais procedementos.
- *Procedementos reabertos no ano*: 1.435, con descenso interanual de -350 (-19,61%) e unha leve porcentaxe de 0,98 % na cifra total de tramitados. Son 1.044 en DP (72,75%); o resto, nos demais procedementos.
- **Procedementos incoados ou ingresados no ano** : Son os 110.658 referidos anteriormente, con incremento de 2.963 (2,75%) e unha porcentaxe de algo máis de tres cuartas partes (75,47%) na cifra total de tramitados (146.627).

Nas seguintes táboas reflíctense detalladamente os datos particulares dos procedementos tramitados e incoados nos órganos xudiciais de Galicia en 2023, tanto por tipoloxía procedemental como por provincias.

PROCEDIMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR TIPOLOXÍA – GALICIA ANO 2023				
	TIPO PROCEDIMENTO	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I)	% EN CIFRA GLOBAL (146.627)
1º	DP	97.423	5.091 (5,51%)	66,44%
2º	XDL	23.822	1.586 (7,13%)	16,25%
3º	PA	14.998	416 (2,85%)	10,23%
4º	DU	9.979	137 (1,39%)	6,80%
5º	SU	351	58 (19,80%)	0,24%
6º	PX	54	-7 (-11,48%)	0,04%

PROCEDIMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR PROVINCIAS – GALICIA ANO 2023				
	PROVINCIA	CIFRA	V.I	% EN CIFRA GLOBAL (146.627)
1º	PONTEVEDRA	57.942	1.906 (3,40%)	39,52%
2º	A CORUÑA	57.040	3.777 (7,09%)	38,90%
3º	LUGO	17.494	1.610 (10,14%)	11,93%
4º	OURENSE	14.120	19 (0,13%)	9,63%



PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR TIPOLOXÍA – GALICIA ANO 2023

	TIPO PROCEDEMENTO	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I)	% EN CIFRA GLOBAL (110.658)
1º	DP	74.798	2.348 (3,24%)	67,59%
2º	XDL	17.569	620 (3,66%)	15,88%
3º	DU	9.811	126 (1,30%)	8,87%
4º	PA	8.301	-156 (-1,84%)	7,50%
5º	SU	158	32 (25,40%)	0,143%
6º	PX	21	-7 (-25,00%)	0,019%

PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR PROVINCIAS – GALICIA ANO 2023

	PROVINCIA	CIFRA	V.I	% EN CIFRA GLOBAL (110.658)
1º	PONTEVEDRA	46.939	698 (1,51%)	42,42%
2º	A CORUÑA	40.975	1.430 (3,62%)	37,03%
3º	LUGO	12.221	968 (8,60%)	11,04%
4º	OURENSE	10.492	-140 (-1,32%)	9,48%

§ 2.3.2. PROCEDEMENTOS TERMINADOS (FINALIZACIÓN ANTICIPADA, TRANSFORMACIÓN E SENTENZA)

■ Segundo resulta da estatística fiscal relativa a 2023, no devandito ano consta unha cifra total de 92.484 procedementos penais terminados en Galicia, con descenso interanual de -4.872 (equivalente a -4,76%), e unha porcentaxe de dúas terceiras partes (66,48%) na cifra total de tramitados (146.627). Nesa cifra global de terminacións en 2023 incluíronse non só os datos das catro provincias galegas senón tamén os do TSX de Galicia (28 causas terminadas contra persoas aforadas).

■ *Outros datos concretos destacables*

■ *Terminación por sentenza.* Mantense a constante de que só unha pequena parte dos procedementos tramitados foron rematados por sentenza. Concretamente, a estatística fiscal reflicte unha cifra total de 20.172 sentenzas, cunha porcentaxe de 13,76 % respecto dos procedementos tramitados (146.627), 18,23% respecto dos incoados (110.658) e 20,69% respecto dos terminados (97.484).

■ *Formas de terminación alternativas á sentenza.* O resto dos procedementos rematados, 77.312 (79,31%), concluíron de dúas formas alternativas á sentenza: a) finalización anticipada (FA), concretamente 59.673 (40,70% de tramitados e 53,93% de terminados); ou b) por transformación (TF) noutro procedemento, concretamente 17.639 (12,03% de tramitados e 15,94% de terminados).



■ *Relación de datos entre cualificacións fiscais e sentenzas ditadas.* A estatística fiscal relativa a 2023 reflicte unha cifra total de 13.790 cualificacións do MF, cunha porcentaxe de 9,40% respecto dos procedementos tramitados (146.627); e foron ditadas un total de 20.172 sentenzas, cunha porcentaxe de 13,76%. Con todo, se tomamos como referencia a cifra dos 25.382 procedementos tramitados que poden ser obxecto de cualificación fiscal escrita (todos menos DP e XDL), as porcentaxes resultan deferentes. Así, serían 10.447 sentenzas (excluídas as 9.725 de XDL), cunha porcentaxe de 41,16% deses 25.382 procedementos tramitados; e as 13.790 cualificacións fiscais supoñerían un superior 54,33% respecto igual cifra de tramitados.

§ 2.3.3. DATOS PARTICULARES DAS DISTINTAS FORMAS DE TERMINACIÓN PROCEDEMENTAL (POR SENTENZA E OUTRAS FORMAS ALTERNATIVAS)

Á parte das 20.172 sentenzas ditadas en 2023 – examinadas logo cumpridamente na sección 1.1.17 deste capítulo II-, detállanse agora os procedementos terminados de modo distinto a sentenza, que neste ano alcanzaron a cifra global 77.312, con descenso interanual de -3.844 (-474%) e unha porcentaxe de 79,31% na cifra total de terminados (97.484), así como de 52,73% na de tramitados (146.627). A maior parte desta forma de terminación alternativa (TA) corresponde ao procedemento de DP, cunha cifra de 61.229 (79,20%), o que confirma a súa función de “filtro preliminar”.

Dentro desas formas de TA, pódese distinguir entre terminación por transformación noutro procedemento (TF) e finalización anticipada (FA)

■ *Terminación por transformación noutro procedemento (TF).* Figura unha cifra total de 18.230 con porcentaxes de 7,81% e 13,08%, respectivamente, nas cifras de procedementos terminados e tramitados (102.356 e 139.313, respectivamente). A maior parte (o 77,21%) destas TF, producíronse en DP, concretamente 14.076.

